



PROGRAMACIÓN EMPREGO AUTÓNOMO

Orde do 17 de marzo de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo cofinanciado polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2011 (DOG nº 60, do 25 de marzo de 2011).

Obxecto: Promover e axudar a financiar aqueles proxectos empresariais que faciliten a creación do seu propio posto de traballo ás persoas desempregadas que desenvolvan a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia como traballadores ou traballadoras autónomos/as ou por conta propia, así como apoiar a consolidación dos seus proxectos empresariais fomentando a creación de emprego mediante a contratación indefinida da súa primeira persoa traballadora desempregada.

Serán subvencionables as altas na Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional que cumprindo os requisitos e condicións establecidas na mesma, se formalicen desde o 1 de xullo de 2010 ata o 30 de setembro de 2011, ambos inclusive.

Persoas beneficiarias:

1.- As persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego que procedan á creación do seu propio posto de traballo mediante a súa constitución en traballadores/as autónomos/as ou por conta propia, sempre que:

- Sexan titulares ou cotitulares do negocio ou explotación.
- Se dean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional.
- Non percibisen subvencións ao abeiro do programa de promoción do emprego autónomo nos catro anos anteriores á data do inicio da nova actividade.
- Non desenvolvesen como traballadores/as autónomos/as a mesma ou similar actividade na mesma localidade, nos 6 meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade, nin estiveran de alta como traballadores/as autónomos/as en calquera réxime da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional, sempre que a dita situación de alta presupoña actividade, nos 3 meses inmediatamente anteriores.



Os traballadores e traballadoras autónomas ou por conta propia poderán ser beneficiarios/as das axudas deste programa, agás a subvención pola primeira contratación indefinida, cando formen parte de comunidades de bens ou sociedades civís de nova creación, sempre que as soliciten a título persoal. Quedan **excluídos** do mesmo, **os socios de sociedades mercantís, cooperativas e sociedades laborais e os autónomos colaboradores.**

2.- Poderán acceder á condición de persoas beneficiarias da subvención pola primeira contratación indefinida os traballadores ou traballadoras autónomos/as ou profesionais xa constituídos, que realicen esta contratación durante o primeiro ano de actividade, para prestar servizos en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia.

Tipos de axuda:

- **SUBVENCIÓN POLO ESTABLECEMENTO COMO TRABALLADOR OU TRABALLADORA AUTÓNOMA OU POR CONTA PROPIA,** co fin de facilitar durante o inicio da actividade uns ingresos mínimos, sempre que se acredite un investimento en inmovilizado material ou intanxible por importe non inferior a 3.000 euros (sen incluír o IVE) realizado entre os 3 meses anteriores ao inicio da actividade e os 6 posteriores. No caso de comunidades de bens e sociedades civís, para a acreditación do requisito do investimento mínimo de 3.000 € realizado por cada persoa comuneira ou socia solicitante da subvención terase en conta a súa porcentaxe de participación na comunidade de bens ou sociedade civil.

As contías desta subvención serán as seguintes:

- a. 5.000 euros para desempregados en xeral.
- b. 6.000 euros para mozos desempregados de 30 ou menos anos.
- c. 7.000 euros para mulleres desempregadas.
- d. 7.500 euros para emigrantes retornados/as, traballadores ou traballadoras procedentes de empresas en crise, persoas desempregadas de longa duración e persoas desempregadas que esgotasen a prestación por desemprego.
- e. 8.000 euros para desempregados con discapacidade ou pertencentes a colectivos en risco ou situación de exclusión social.



f. 10.000 euros para mulleres desempregadas con discapacidade ou en risco ou situación de exclusión social.

O prazo de presentación de solicitudes será de dun mes desde a data da solicitude de alta na Seguridade Social ou mutualidade do colexio profesional (entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da solicitude de alta na Seguridade Social).

- **SUBVENCIÓN FINANCIERA** de redución de xuros de préstamos necesarios para a súa constitución como traballador/a autónomo/a, tendo en conta que, como mínimo, o 75% do préstamo deberá destinarse a financiar investimentos en inmovilizado material ou intanxible. Deberá acreditarse un investimento en inmovilizado material ou intanxible por importe non inferior a 3.000 euros (sen incluír o IVE) realizado entre os 3 meses anteriores ao inicio da actividade e os 6 posteriores. Non se admitirán a adquisición de bens usados con cargo ao préstamo obxecto da axuda, agás no suposto de traspaso de negocios.

Os préstamos, para seren subvencionables, deberán ser concedidos polas entidades financeiras que teñan subscrito convenio coa Consellería de Traballo e deberanse formalizar entre os tres meses anteriores ao inicio da actividade e o 30 de setembro de 2011 ou, de ser o caso, no prazo establecido na resolución de concesión .

Esta subvención será como máximo de catro puntos do tipo de xuro fixado pola entidade financeira que conceda o préstamo, calculada sobre os oito primeiros anos de vixencia destes. O importe desta subvención deberá destinarse á amortización do principal do préstamo.

No caso de microcréditos concedidos polo ICO ou por outras entidades de crédito a persoas desempregadas incluídas nas letras D, E e F seguintes, a subvención poderá ser o total dos gastos financeiros, cos límites máximos seguintes:

O importe máximo desta subvención non poderá superar as seguintes contías:

- a. 5.000 euros para desempregados en xeral.
- b. 6.000 euros para mozos desempregados de 30 ou menos anos.
- c. 7.000 euros para mulleres desempregadas.



- d. 7.500 euros para emigrantes retornados/as, traballadores ou traballadoras procedentes de empresas en crise, persoas desempregadas de longa duración e persoas desempregadas que esgotasen a prestación por desemprego.
- e. 8.000 euros para desempregados con discapacidade ou pertencentes a colectivos en risco ou situación de exclusión social.
- f. 10.000 euros para mulleres desempregadas con discapacidade ou en risco ou situación de exclusión social.

No caso de comunidades de bens e sociedades civís, para a acreditación do investimento mínimo realizado por cada socio/a solicitante terase en conta a súa participación na mesma.

Prazo de Presentación: A solicitude da subvención financeira deberá presentarse no mes seguinte á data da solicitude de alta na Seguridade Social (entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da solicitude de alta na Seguridade Social)

- **SUBVENCIÓN PARA ASISTENCIA TÉCNICA** co obxecto de financiar os custos dos servizos externos necesarios para mellorar o desenvolvemento da actividade empresarial, así como para a realización de estudos de viabilidade, organización, comercialización, diagnose ou outro de natureza análoga, prestados polas persoas ou entidades que reúnan os requisitos indicados na orde, e que se desenvolvan integramente entre os 3 meses anteriores e os 6 posteriores ao inicio da actividade. A contía desta axuda será do 75% do custo dos servizos prestados, ata un máximo de 1.000 euros.

Prazo de Presentación: A solicitude da subvención financeira deberá presentarse no mes seguinte á data da solicitude de alta na Seguridade Social (entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da solicitude de alta na Seguridade Social)

- **SUBVENCIÓN PARA FORMACIÓN** co obxecto de financiar os custos de cursos, realizados polas persoas ou entidades que reúnan os requisitos mencionados na orde, relacionados coa dirección e xestión empresarial e novas tecnoloxías da información e comunicación, integramente desenvolvidos entre os 3 meses anteriores e os 6 meses posteriores ao inicio da actividade. A contía desta axuda será do 75% do custo dos cursos recibidos, ata un máximo de 3.000 euros.



Prazo de Presentación: A solicitude da subvención financeira deberá presentarse no mes seguinte á data da solicitude de alta na Seguridade Social (entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da solicitude de alta na Seguridade Social)

- **AXUDA EXCEPCIONAL PARA O FINANCIAMENTO DOS PRIMEIROS GASTOS DA ACTIVIDADE** realizados nos 3 meses anteriores e nos 6 meses seguintes ao inicio da actividade en concepto de compra de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos, gastos de constitución, publicidade, arrendamento de local, de maquinaria e de equipos informáticos e seguros do local (excluído o IVE). A contía da axuda será de 2.000 euros, 3.000 euros e 3.600 euros, segundo o colectivo no que se atope incluída a persoa beneficiaria.

Prazo de Presentación: A solicitude da subvención financeira deberá presentarse no mes seguinte á data da solicitude de alta na Seguridade Social (entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da solicitude de alta na Seguridade Social)

- **SUBVENCIÓN POLA PRIMEIRA CONTRATACIÓN INDEFINIDA**. Poderá concederse esta subvención tanto pola contratación indefinida inicial dunha persoa desempregada como pola transformación dun contrato temporal en indefinido, sempre que se realice durante o primeiro ano de actividade. A contratación ou transformación deberá realizarse entre o 1 de xullo de 2010 e o 30 de setembro de 2011.

Quedan excluídas desta subvención: As relacións laborais de carácter especial e os traballadores/as que finalizasen a súa relación laboral de carácter indefinido nun prazo de 3 meses previos á formalización do contrato polo que se solicita a subvención.

O importe desta subvención será o seguinte:

- a. 4.000 euros pola contratación indefinida dun desempregado en xeral.
- b. 5.000 euros pola contratación indefinida dun mozo desempregado de 30 ou menos anos.
- c. 5.000 euros pola contratación indefinida dunha muller desempregada.
- d. 5.600 euros pola contratación indefinida dunha moza desempregada de 30 ou menos anos.
- e. 6.000 euros pola contratación indefinida dunha persoa desempregada que esgotase a prestación por desemprego, unha persoa desempregada de longa duración, unha persoa



desempregada emigrante retornada, unha persoa desempregada con discapacidade ou pertencente a colectivos en risco ou situación de exclusión social.

f. 2.000 euros pola transformación dun contrato temporal en indefinido. Esta contía será de 2.500 euros se o traballador ten 30 ou menos anos e de 3.000 euros se é muller.

A subvención non poderá superar a contía equivalente ao 60% dos custos salariais totais de dúas anualidades da persoa contratada.

No caso de que a contratación sexa a tempo parcial a subvención calcularase proporcionalmente.

O prazo de presentación de solicitudes da subvención pola contratación indefinida será de dun mes desde a data de alta en que se inicie a relación laboral ou se produza a transformación do contrato temporal en indefinido, respectando en todo caso o prazo xeral establecido

Prazo de solicitudes: • O prazo xeral para a presentación de solicitudes das distintas axudas deste programa finalizará o **finalizará o 30 de setembro de 2011** aínda que non transcorresen os prazos específicos previstos para cada tipo de axuda.

As actuacións subvencionables do programa para a promoción do emprego autónomo, realizadas **entre o 1 de xullo do ano 210 e a data de publicación desta orde**, poderán acollerse ás axudas da mesma, aínda que transcorrese o prazo establecido dende a alta na Seguridade Social ou mutualidade do colexio profesional. O prazo para a presentación destas solicitudes remata o **29 de abril de 2011**.